



2020

**A importancia
dos pequenos
xestos**

MEMORIA 2019 – 2020

ACTUACIÓNES NO CENTRO

CEIP PADRE CRESPO

Xunqueira de Ambía

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
DOS PROXECTOS ANTERIORES AO ACTUAL	5
OBXECTIVOS	10
METODOLOXÍA.....	11
CURSO 2017-2018	
COIDANDO DO NOSO MEDIO	12
COIDANDO DO NOSO HORTO	15
SEMENTA, RECOLLE E SABOREA.....	20
AMPLIACIÓN E MELLORA DAS ZONAS VERDES.....	21
OS BUXOS	28
O COMEDOR ESCOLAR	32
O CONGRESO ALIMÉNTATE BEN	34
DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE.....	38
EDUCACIÓN PATRIMONIAL.....	41
XOGOS POPULARES	54
OS MAIOS	55
CERTAME SOLIDARIO	56
VISITA AO RIÓS	65

CURSO 2018-2019

O SAMAÍN.....	68
O MAGOSTO	70
XORNADA MICOLÓXICA.....	75
SOMOS O QUE COMEMOS	78
EN DEFENSA DA NOSA BIODIVERSIDADE: LOITANDO CONTRA AS VELUTINAS	81
TOD@S CONTRA O LUME.....	86
OS TESOUROS QUE AGOCHAN OS NOSOS BOSQUES E MONTES	93
O NOSO HORTO ECOLÓXICO ESCOLAR.....	95
O HOTEL DE INSECTOS E A CASA DAS XOANIÑAS	99
MELLORA DAS NOVAS ZONAS VERDES	105
OBRAS DE MELLORA	109
EDUCACIÓN PATRIMONIAL.....	111
FIN DE CURSO 18-19	112

CURSO 2019-2020

O SAMAÍN.....	114
O MAGOSTO	115
XORNADA MICOLÓXICA.....	118
SOMOS O QUE COMEMOS.....	120

O ENTROIDO.....121**A IMPORTANCIA DOS PEQUENOS XESTOS: RECICLANDO, UNHA SEGUNDA VIDA.....125****O DÍA DA ILUSTRACIÓN.....128****COIDANDO DO NOSO MONTE.....129****MELLORA DAS ZONAS VERDES.....130****O HORTO ECOLÓXICO ESCOLAR.....132****O INVERNADOIRO.....133****O NOSO PROXECTO ESTRELA: A REHABILITACIÓN DO PASAL DOS PELAMIOS NO
CAMIÑO DE SANTIAGO136****CONCLUSIÓN E PLANS DE FUTURO.....155**

INTRODUCIÓN

No CEIP Padre Crespo cumplimos no curso 2019-2020 sete anos de participación no Programa Voz Natura. Algo máis dun lustro no que formar parte desta familia axudounos a mudar as dinámicas de funcionamento do centro, activando iniciativas que están contribuíndo a un gran cambio tanto a nivel de instalacións como no tocante ás prácticas docentes. Non hai mellor forma de facelo que a través dun programa que pretende fomentar o coidado do medio a través da educación e concienciación das novas xeracións.

Se botamos a vista atrás, case poderíamos dicir que estamos a espertar dun soño, ou que nos teletransportamos a outro colexio. O cambio é case increíble para un centro das nosas características, no que a contribución de Voz Natura é fundamental para poder sacar adiante as nosas iniciativas e non depender así, única e exclusivamente das aportacións e axudas das administracións, que, no referente ao medio ambiente, non pon os medios mínimos. Ademais, ter conquerido o Premio Provincia de Ourense “puxo ao colexio no mapa”, deulle visibilidade ás nosas accións e aos nosos proxectos. Pasamos a estar no foco mediático, dado que somos un dos poucos centros educativos que, estando como está o rural galego, estase a manter e incluso a aumentar alumnado. Esta repercusión non se nos pasaba pola cabeza, aló polo 2013 cando empezamos coa teima de ampliar o patio escolar e reconvertir unha escombreira nun lugar produtivo, onde aprender a cultivar para logo consumir os alimentos no comedor escolar.

Por outro lado, hai que comentar que dende comezamos a nosa andaina en Voz Natura imos sumando proxectos aos anteriores, dos que seguimos desenvolvendo as temáticas e que nalgúns casos, dada a súa complexidade, sacalo adiante e completalo pódemos levar varios cursos. É por isto que esta memoria fai unha restrospectivas do acontecido no centro nos últimos cursos para darlle sentido ao proxecto na súa totalidade. Algunha das partes está aínda en marcha, outras levounos varios cursos realizalas... e, ao final do presente curso escolar 2020-2021 e co permiso da Pandemia do COVID-19, cando vexamos rematada a obra de ampliación das zonas verdes.

DOS PROXECTOS ANTERIORES AO ACTUAL:

A IMPORTANCIA DOS PEQUENOS XESTOS

Dende que comezamos co primeiro proxecto, tal e como vimos de comentar, ano tras ano imos engadindo ou relacionando as distintas temáticas do programa medioambiental. Isto implica que continuamos cos plans iniciados en cursos pasados, que nuns casos revisamos, noutros ampliamos, implicando a outros cursos, ou cando se trata das actuacións más complexas, convírtense en plans plurianuais, como a reconversión da escombreira en horto ou, no presente actual, a recuperación do Pasal dos Pelamios. Seguimos “**coidando do noso medio**”, limpando e repoboando con especies autóctonas... e evidentemente non nos esquecemos da reciclaxe, do consumo responsable, da economía circular...

Isto significa que todos os proxectos están vixentes e forman parte do día a día do centro: o **coidado do horto** co programa “SEMENTA, RECOLLE e SABOREA” e a mellora da alimentación e hábitos saudables a través do plan SOMOS O QUE COMEMOS.

Do mesmo xeito continuamos coas **obras da ampliación do patio e dotación de zonas verdes**, nas que investimos ás achegas anuais do programa e o diñeiro do premio provincial que recibimos. Traballos cos que continuamos e que están mudando completamente a imaxe do recinto. Quen vai recoñecer este colexiño se non pasou nos últimos anos por aquí?

Non nos podemos esquecer do traballo iniciado en canto ao **Patrimonio Material e Inmaterial**. No ano 2018 iniciamos unha serie de actividades encamiñadas a lembrar parte das tradicións que había en Xunqueira e que foron desaparecendo, para que os nenos e nenas as coñecieran e que o resto da comunidade educativa se decatara dos tesouros que teñen, que tiñan e que non se aproveitan ou directamente se esqueceron ou se deixaron morrer.

Indagamos sobre a antiga festa dos castrexos que se celebraba en Xunqueira, o



que nos deu para moitas actividades relacionadas, incluídas charlas didácticas, obradoiros para a elaboración de abalorios, escudos e traxes para o Entroido.

Visitamos o xacemento castrexo do Outerio Castro sito a uns dous quilómetros do colexio e que actualmente se está excavando. Traballaremos cóvado con cóvado cos arqueólogos e volveremos a facelo neste ano escolar, xuntamente co colexio de Baños de Molgas.

Tamén investigamos sobre os antigos oficios que había nas aldeas do Concello.

Recompilamos fotografías antigas e actualizamos o arquivo das construccóns e espazos selleiros do Concello.

Este traballo tivo o seu punto culminante o 25 de maio do 2018, cando celebramos os actos de entrega de premios da V edición do certame “FALANDO DE SOLIDARIEDADE”, que convoca o noso centro educativo e que o ano pasado estaba dedicado á *Solidariedade cos nosos maiores*. Por iso fixemos unha exposición con material etnográfico, cedido polas familias do Concello, organizamos exhibicións en directo de diferentes oficios e visitas a diferentes casas de Xunqueira onde áinda se conservan talleres tradicionais.

Quedáranos pendente a nosa actuación más ambiciosa: a recuperación do antigo percorrido do Camiño de Santiago ao seu paso por Xunqueira e a rehabilitación do Pasal dos Pelamios.

Tres anos despois de iniciados os trámites, podemos sentirnos orgullosos de poder ver en pé o Pasal, algo que ben pensado parece increíble: varias administracións involucradas, a lentitude da burocracia, os permisos, os proxectos... e o caudal do río... Por fin, neste pasado mes de setembro pudemos facelo. O confinamento concedeunos esta pequena prórroga do programa para sacar adiante parte dos proxectos parados a principios de marzo. Nunca hai mal que por ben non veña.

Agora quédanos rematar de sinalizar, e facer as guías. A isto seguirémoslle engadindo contidos (unha curtametraxe, a promoción desta parte do Camiño...), xa que, como non, este proxecto está vivo: temos que seguir “**FACENDO CAMIÑO**”

Tamén no ano 2018 engadimos ao proxecto todo o relativo **ao coidado dos nosos montes, a conservación da súa biodiversidade e a prevención dos incendios forestais.**

No tema do **coidado dos montes e os incendios**, en colaboración cos Axentes de Medio Ambiente da nosa comarca e con Protección Civil, formámonos a través de charlas e obradoiros e pasamos á acción, repoboando con especies autóctonas, en parte con algunas árbores do noso pequeno viveiro que foron adiante, unha zona que ardeu entre o río e Xunqueira de Ambía. Tamén limpamos esa zona, algo inesquecible para o alumnado, dada a cantidade de lixo que atopamos, principalmente plástico.

No que se refire **á biodiversidade**, iniciamos un plan moi ambicioso para a protección das nosas abellas. Tivemos 3 xornadas de formación con Protección Civil, apicultores locais e coa Asociación Galega de Apicultores. Elaboramos trampas para as velutinas, que están agora espalladas por todo o Concello de Xunqueira e Allariz, xa que cada crianza levou a trampa para as súas casas ou fincas. O resultado é digno de mención, xa que estamos a evitar que cada raíña que caeu nas nosas trampas (feitas con botellas e bidóns de plástico reciclados do noso comedor), cree novas comunidades con 5, 6 ou 7 mil individuos. Perdemos a conta dos exemplares que cairon nas trampa do noso horto. Con todo isto conseguimos unha concienciación nas casas fóra do común.

Esta colaboración continuou no curso 19-20, dada **“a importancia dos pequenos xestos”**. Xestos como ceder a Protección Civil todas as botellas e bidóns recollidos no comedor escolar para o desenvolvemento dos talleres de elaboración de trampas da velutina nas distintas parroquias de Xunqueira. O resultado destas actuacións fixeron que o Concello de Xunqueira sexa un nos que a avéspora asiática case non teña incidencia. Por suposto que seguiremos activos e en alerta.

Pretendemos que este tipo de iniciativas, altamente motivadoras e metodolóxicamente innovadoras, baseadas no cocepto da APRRENDIZAXE E SERVIZO, no que as nosas iniciativas inciden e repercuten directa e indirectamente na contorna, nos axuden non só a concienciar aos rapaces e rapazas, senón tamén a que eles sexan CEIP Padre Crespo 2019-2020



o fío conductor coas familias e co resto da comunidade educativa, trasladando as nosas actividades e inquedanzas máis aló do contexto escolar propriamente dito.

Destacar que temos moi claro que para un humilde colexio coma o noso, de non fomar parte da familia VOZ NATURA non poderíamos ter conquerido a meirande parte das metas plantexadas e as que áinda quedan por chegar.

OBXECTIVOS

Partimos duns obxectivos xerais nos que se fundamentan tódolos proxectos que desenvolvamos no centro, independentemente da temática ou contidos que tratemos anualmente en cada edición de VOZ NATURA

- Coñecer o medio
- Incentivar o respecto e coidado da natureza
- Formentar os hábitos e a alimentación saudable
- Concienciar ao alumnado na idea de que outro mundo é posible
- Fomentar a reflexión e o espíritu crítico do alumnado
- Formar aos nenos e nenas como ecoaxentes: son o noso contacto co resto da comunidade educativa
- Reducir a nosa pegada ecológica, fomentando dende o centro prácticas de reciclaxe, reutilización, redución de consumos, consumo responsable...
- Conservar o noso patrimonio natural e cultural
- Contribuír a un mundo máis sostible

METODOLOXÍA

Cando nos embarcamos nun proxecto destas características, temos que partir da base de que o alumnado debe adquirir un gran protagonismo. Temos que ser quen de motivalos para que se involucren nas actividades para logo seren os nosos axentes transmisores e darlle continuidade ao traballo nas casas, co resto da familia e da veciñanza.

Para todo isto, partimos da base de que todo o traballo que xire en torno a VOZ NATURA forma parte dun proxecto de centro, onde todos os grupos aula deben estar involucrados dun xeito ou doutro, dependendo do nivel, idade, capacidade e necesidades.

Sempre deseñamos actividades moi prácticas, nas que os nenos e nenas deben levar a cabo o que introducimos dun xeito teórico a través de contos, charlas de expertos, de asociacións que colaboran connosco, con visitas didácticas, con vídeos explicativos, coas propias pescudas, con presentacións do alumnado noutros grupos-aula...

A meirande parte das actividades que plantexamos fanse en pequenos grupos, nos que en moitas ocasións o alumnado está misturado para que os grandes axuden aos pequenos, fomentando a colaboración entre iguais, o traballo interciclos.

Logo distribuímos pequenos proxectos de aula, integrados no proxecto xeral e relacionando os contidos de VOZ NATURA con outras actividades do centro, conmemoracións, festas...

Todo está baseado na metodoloxía denominada “APRENDIZAXE E SERVIZO”, xa que pretendemos que as nosas actuacións repercutan na comunidade educativa.

COIDANDO DO NOSO MEDIO

CURSO 2017-2018

Empezamos o curso celebrando o Magosto. Decidimos relacionar esta festa tan arraigada na nosa provincia co noso proxecto, tanto no tocante ao coidado do medio como no que se refire á posta en valor do patrimonio. Neste caso a través dos xogos populares.

Neste día fixemos actividades rotatorias por onde pasaron os distintos grupos: recollida de castañas e landras para despois plantar co obxectivo de ampliar o noso viveiro de especies autóctonas.





Logo, Anxo Moure fíxonoas emocionar coas súas historias sobre as árbores. Todo un luxo poder contar con el, un loitador e un exemplo de coidado do noso patrimonio natural.



Tamén quixemos recuperar aqueles xogos cos que se divertían os nosos maiores... e algúns deles puxémolos en relación co froito estrela: a castaña.

COIDANDO DO NOSO HORTO

O coidado e preparación do noso horto é unha dasas actividades que lle encanta facer ao alumnado. No noso caso subimos ao horto por grupos, e asignámoslle as tarefas adecuadas a cada aula para que todos e todas se sintan partícipes do proxecto e estean en contacto e cos pés na terra.



O primeiro paso é desfacer os bancais do ano anterior, retirando as pedras que lle poñen límite, arrancando as raíces e as herbas... Preparamos o terreo e as sementeiras aló polo mes de febreiro.





Decidimos airear e abonar a terra. Non podía faltar Manolo, o avó para todo, co seu tractor.



O terreo quedou moi moi ben, listo para que as diferentes aulas foran facendo o seu traballo.





As sementeiras permítennos ter as nosas propias prantas e así o alumnado pode ver e participar nas distintas fases do cultivo .



SEMENTA, RECOLLE E SABOREA



Non podemos esquecer que o noso obxectivo final é que todo o que sementamos acabe no comedor escolar... Os amorodos son un claro exemplo dun dos productos dos que podemos gozar antes de que remate o curso. Son perfectos para as tortas de aniversario!!!



AMPLIACIÓN E MELLORA DAS ZONAS VERDES

Durante o curso escolar 17-18 conseguimos facer pouco a pouco os muros de contención das novas zonas verdes. Neste acondicionamento investimos o diñeiro do premio Ourense e fondos do noso orzamento de funcionamento do centro, co esforzo que isto supón para un colexio das nosas características. Por fin vimos feita unha obra que comenzou a deseñarse 4 anos antes.



O primeiro tramo da obra fixose entre xaneiro e febreiro do 2018



A pedra que empregamos para esta obra procede toda da escombreira que había ao lado do colexio.





Confiamos unha vez na empresa local que xa nos fixera os muros do horto. Son todos exalumnos do colexio e por aquí tamén pasaron os seus fillos e sobriños... Dannos tódalas facilidades do mundo e fan un traballo impresionante.





Por fin!!!! Retirando o antigo valado. Un valado que estaba nun estado lamentable, pero que para a Consellería non supuña ningún problema. Incomprendible.



Reciclando!!! As travesas terán unha nova función. Dada a inclinación do terreo, fixemos uns socalcos para evitar no posible a escorrentía.





Rematamos o primeiro tramo do muro, pero non puidemos acomenter o seguinte tramo ata case final de curso.



Como antiga esconbreira que era esta zona, ao pouco que se excababa ou se acondicionaba o terraplén, sacábanse á luz todo tipo de residuos: plásticos a moreas, restos de obras e incluso un vello radiador!! Non dabamos crédito a que a xente tire este tipo de restos indiscriminadamente.



E finalmente....



OS BUXOS

Unha vez que rematamos a primeira parte do muro, no mes de marzo, na semana do día da Árbore, plantamos uns buxos para fazer unha especie de barreira natural entre a rampa de acceso e o patio. Foi o primeiro paso da nova zona verde.

No propio día da Árbore, contamos coa presenza do Presidente da Deputación de Ourense, que escolleu o noso centro para celebrar este día. Na súa visita comprometeuse a axudarnos coa obra do novo almacén e vestuarios, sito a continuación das zonas verdes, como ampliación do noso pequeno pavillón.

Contamos tamén coa presenza de Perozo, autor dos libros-conto que ano tras ano publica a Deputación por mor do Día Mundial da Árbore a da Auga.







Aproveitamos tamén para pór prantas ornamentais nos novos socalcos. Para esta tarefa contamos con Viveiros As Burgas, familia que ten un fillo matriculado no centro.



O COMEDOR ESCOLAR

Dentro do nosos obxectivos do apartado do proxecto Semental, Recolle e Saborea, ademais do estudo dos alimentos, das súas propiedades, de fomentar o consumo de produtos ecolóxicos, das froitas e das verduras... Quixemos facer más atractivas as nosas instalacións.

Para isto contamos unha vez máis coa axuda de Espacio Matrioska, artistas urbanos cos que o alumnado se divirte, crea e aprende.

Decoramos as paredes con froitas, hortalizas, verduras... que os propios nenos e nenas deseñaron. Primeiro sobre o papel e logo nas paredes. Os integrantes de Matrioska distribuíron e perfilaron os distintos elementos nas paredes para o seu posterior pintado. Toda unha experiencia inesquecible da que todo o alumnado foi partícipe.







O CONGRESO ALIMENTATE BEN

No mes de maio participamos neste congreso que foi convocado polas Consellerías de Educación e Sanidade. O noso programa de alimentación e formación do alumnado foi dos melhores valorados en Galicia.

Os talleres de lectura de etiquetados son xa unha práctica anual que pouco a pouco vai calando entre o alumnado e que levan as súas experiencias ás casas.







Agora facemos na nosa cociña case todos os produtos, fuxindo dos produtos ultraprocesados que conteñen un alto número de aditivos: conservantes, colorantes...



Presentamos o noso traballo en Santiago, toda unha experiencia!!!!!!

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Dentro dos plans de colaboración que xa dende hai un tempo levamos adiante co IES e o colexio de Allariz, o curso pasado metémonos de cheo nun proxecto ambiental. Contamos co alumnado do Instituto de Allariz e os profesores: Xosé de Tecnoloxía, e Pili de Física. Tivemos dous talleres, nos que abordamos os Rs.

Con Pili, tivemos a teoría... Reciclaxe a tope!!!!



E con Xosé.. a práctica.

O seu alumnado de 1º da ESO, parte deles de Xunqueira, xa pintaran as rodas, cedidas polos talleres mecánicos da nosa localidade.



Remataron de pintalas e decoralas os nosos nenos e nenas.

O obxectivo e polas arredor do novo valado do colexio, con prantas ornamentais. Aínda non o conseguimos... Todo se andará!!!!





Como remate final, tivemos a presenza de Iseo Agilda, cantante e contacontos, nai dunha das nosas alumnas, que nos contou unha historia sobre o coidado do noso planeta

EDUCACIÓN PATRIMONIAL

Dentro da temática anual de Voz Natura, mergullámonos no estudo do patrimonio cultural e etnográfico de Xunqueira de Ambía.

Descubrimos que a riqueza deste Concello vai moito máis aló da súa impresionante Colexiata.

Destacan os diferentes castros que temos ao noso carón, polo que nos puxemos mans á obra. Fixemos un proxecto no que involucramos a todo o centro educativo, estudando todo o relativo á vida nos Castros... e descubrimos que en Xunqueira hai uns anos, aló polos finais dos 90, celebraban unha festa castrexa, que tivo moito recoñecemento. Isto levounos a tirar das familias que nos aportaron moita información, fotos, traxes, obxectos, reproducións de armas e escudos da época.

Decidimos, un ano máis, poñer en relación o proxecto Voz Natura cos traxes do Entroido, e saír de castrexos e castrexas. Espertamos moitos recordos entre os habitantes da comarca que por uns días reviviron os días da Festa Castrexa que celebraban non hai tantos anos e que, como tantas outras cousas, se perdeu.

Para todo isto, formámonos dentro e fóra do centro, asistindo a exposicións e obradoiros, tanto da Deputación como da Fundación Abanca e trouxemos a expertos, como Francisco Boluda e Xabier Bobillo que nos falaron da vida nos castros, dos seus poboadores e os seus segredos. Alucinamos coa reproducción de armas e escudos, que nós imitamos en cartón para os traxes de Entroido, abalorios... Foi un proxecto do que gozamos pequenos e maiores...

Visita guiada e obradoiro no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense... No tempo dos Suevos...





Visita guiada na Fundación Abanca sobre á fotografía e arqueoloxía.





No colexio traballamos dende Infantil ata 6º de Primaria, investigando, descubrindo e facendo materiais que expuxemos para todo o centro.

AS CASAS DOS CASTREXOS




TEITO DE _____

MURO DE _____

FORMA _____

NA PARTE DE FORA TEÑEN
UNHA _____ E UN





Moitas grazas a Paco Boluda e Xabier Bobillo por todo o que nos ensinaron...



E despois do Nadal, chega o tempo do Entroido. As familias involucráronse a tope e novamente a Biblioteca convertiuse no punto de encontro de familias e alumnado para sacar adiante os traxes.





Grazas a todo o mundo!!!!









Como colofón final deste proxecto, a final de curso, visitamos un dos castros emblemáticos do Concello e que estaba en plena excavación. Nel descubriuse o que polo momento é o hórreo máis antigo de Galicia. Fumos coa arqueóloga Sonia García.







Dende o castro vese Xunqueira de Ambía e o noso colexio...



XOGOS POPULARES

Dentro da recuperación de tradicións e do patrimonio inmaterial, quixemos que o noso alumnado revivira como xogaban os seus antepasados. Pasárono xenial. Contamos co persoal do Centro Cultural Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense. A experiencia foi tan positiva nas dúas xornadas que organizamos, que imos repetir e integrar no noso programa.



OS MAIOS

Por primeira vez no noso centro, e grazas a unha iniciativa das familias, iniciamos a recuperación da tradición de fazer os maios.



Pescudamos sobre esta tradición perdida no Concello, participando todo o alumnado, na confección dun maio feito co que atopamos na contorna do colexió.



CERTAME SOLIDADRIO

Aproveitando a temática de Voz Natura, adicamos o noso Certame de Conto, Debuxo e Relato “Falando de Solidariedade” aos nosos maiores.

Involucramos a toda a Comunidade Educativa. A colaboración da xente de Xunqueira foi inaudita. Todo o mundo se volcou co noso proxecto. O día dos actos de entrega de Premios fixemos un percorrido por 6 puntos diferentes de Xunqueira, casas abertas para o alumnado do CEIP Padre Feijoo e o IES de Allariz, que nos acompañaron na andaina etnográfica. Pasamos por unha ferrería, unha curtidoiría, unha panificadora, pola exposición que montamos no claustro da Colexiata, chea de obxectos, ferramentas, apeiros... que todo o mundo aportou para a ocasión.

Ademais pola tarde, tivemos 8 oficios traballando simultáneamente: alfareiro, cesteira, zapateiro, zoqueiro, canteiro, afiador, costureira, carpinteiro... Con esta actuación fumos portada da Voz de Galicia na nosa provincia. Algo que nunca esqueceremos e que nos achegou á xente maior, coa que nos emocionamos e aprendimos o que non está escrito. GRAZAS.

Algunhas fotos do percorrido, da exposición e dos oficios:










O noso alumnado guiaba aos convidados dos outros centros educativos, todo un orgullo poder descubrir os diferentes puntos de interese que visitamos.





La Voz de Galicia

España se sume en la incertidumbre política

El PSOE acepta el apoyo secesionista a una moción de censura, que ahora queda en manos del PNV

C's rompe con el PP, pero descarta respaldar al líder socialista y solo quiere elecciones

Rajoy acusa a Sánchez de poner en riesgo la estabilidad de España

«Cuidado»

Adriana Domínguez es la nueva consejera delegada de la firma de moda «Amo como me pongo»

ECONOMÍA 28

Unos trabajos de desbroce daban un castro ourensano de la Edad de Hierro

MEDIO AMBIENTE 28

Crian 12 razas de vacuno en Ames, en el mismo entorno que la rubia gallega, para comprar su carne

GASTRONOMÍA 27

SOCIEDAD 14

Fallece el periodista Alfredo Vara, corresponsal de

Los oficios tradicionales acercan a escolares y mayores en Xunqueira

YOGA, MEDITACIÓN, ECOLOGÍA Y CALIDAD nuestro trío de hoy

ECOLOGÍA 29

HOY

mujer hoy







VISITA AO RIÓS

No noso empeño de darlle importancia ao rural e a labor dos nosos maiores, contamos coa colaboración do actor Rubén Riós, que nos visitou en Xunqueira e ao que lle devolvemos a visita. Alí, atopámonos con castiñeiro centenarios e con Eladio, un cesteiro exemplar de 92 anos.





Ademais aproveitamos a ocasión para aprender sobre o mundo da castaña, con membros da Asociación para o desenvolvemento sostenible O Grelo Verde.





COMO DESPEDIDA DO ANO... A ANOSA PARTICIPACIÓN NA FESTA e EXPOSICIÓN VOZ NATURA con parte do noso traballo.



CURSO 2018-2019

No presente curso escolar, tal e como mencionamos na introdución, continuamos cos proxectos iniciados en edicións previas, aos que engadimos o tratamento da iniciativa da edición actual: a posta en valor dos nosos montes, e a súa biodiversidade a sensibilización ante os incendios.

O SAMAÍN

Actuamos polo tanto en consecuencia e xa dende a celebración do Samaín incluímos actividades de posta en valor dos recursos naturais que temos ao noso carón, nos nosos montes e que non hai tanto tempo se usaban por imperiosa necesidade. Unha dasas activiades foi facer vasoiras e vosoiriños coa axuda dos avós do noso centro educativo.



Saímos a recoller as xestas adecuadas.



E coas mans expertas, ensinámoslle ao alumnado da utilidade e aproveitamento dos recursos que temos aí ao lado...



Foi unha das diversas actividades rotatorias que fixemos para o Samaín.



O MAGOSTO

Ao igual que no cursos pasados, aproveitamos esta celebración para introducir temas medioambientais, como a importancia do coidado do noso medio, da súa diversidade e do aproveitamento sostible dos seus recursos.

Novamente, organizamos actividades rotatorias, que tanto lles gustan aos nosos alumnos e alumnas.

Tivemos a gran sorte de contar coa voz anxelical de Iseo Agilda, nai dunha alumna do centro, que nos conecta coa terra, coas árbores, cos nosos bosques... a través de cancións e historias que nos transportan a un mundo máis sostible e respectuoso.

Anxo Moure sempre nos contaxia a súa enerxía e a súas gañas de seguir traballando pola conservación e a repoboación dos nosos montes con especies autóctonas cos seus artiluxios imposibles. Todo un luxo e un exemplo.



A segunda actividade, xa se está a converter en todo un clásico: a plantación de castiñeiros e carballos con castañas e landras recollidas nas carballeiras e soutos da nosa contorna. Tentamos que o noso alumnado estea en contacto coas tradicións, coa natureza.



Logo teremos que coidalos todo o ano. Actividades moi motivadoras para “grandes e miúdos”



Desta volta, despois das experiencias do curso anterior cos diferentes oficios tradicionais, quixemos seguir aprendendo sobre o legado dos nosos maiores, pondo en valor aqueles oficios, que en moitos casos están a desaparecer. Estivo connosco Rubén Blanco, neto dun gran zoqueiro e zapateiro da comarca, que quixo aprender e soubo conservar todos os segredos do seu avó. Un marabilloso exemplo para as nosas crianzas, que non se cansaron de facer pequeniñas zocas a modo de chaveiros.



Logo, pola tarde, despois dun xantar popular ao que convidamos ás familias, compartimos xogos populares, que fomos introducindo nos últimos cursos para recuperar aqueles xogos cos que se entretiñan as xeracións que nos preceden, nuns tempos onde o sedentarismo e as novas tecnoloxías non existían.



XORNADA MICOLÓXICA

Para pór en valor a biodiversidade e riqueza dos nosos bosques metémonos no mundo dos cogomelos. Non pode haber maiores expertos en Galicia que os membros da familia Mínguez. Contamos con Alejandro, que por primeira vez se dirixía a un público tan xoven. Quedamos encantados. E iso non foi todo, xa que ao rematar as charlas fixemos unha saída con el... na percura de cogomelos polas carballeiras da zona. Foi todo un privilexio poder contar con alguén coma Alejandro. Ademais de saber moito sobre o tema, víveo e sabe transmitilo. Esperamos poder repetir no próximo curso.





Fixemos unha pequena exposición con todo o que atopamos no bosque, que Alejandro nos axudou a identificar.



Por esas mesmas datas do outono, quixemos ensinarlles aos rapaces o valor culinario dos cogomelos. Se se fai a través dunha teatralización e con obradoiros prácticos, a atención e polo tanto a aprendizaxe están garantidas.



SOMOS O QUE COMEMOS

En todos estes anos, e comezamos aló polo 2013, non deixamos de formarmos na dieta e hábitos saudables. Tódolos anos temos diferentes talleres e obradoiros para lembrar o que é unha dieta sá e equilibrada, facemos obradoiros de lectura de etiquetados, de produtos ecolóxicos, de consumo responsable... Cremos moi necesario darlle continuidade a este tipo de formación con relatores externos, que este ano abrimos en varias ocasións ás familias para mudar os usos e costumes que nos marca a sociedade actual na que vivimos. Nós pomos todos os medios para ter un dos melhores menús de Galicia, así recoñecido e premiado por diferentes estamentos da Xunta.

Formación con persoal do Sergas:





Aprendendo sobre produtos ecológicos con persoal do CRAEGA:



Por suposto, non podía faltar o noso nutricionista Juanjo Vilachá.



Como mencionamos antes, abrimos os talleres ás familias, para que se mentalicen e conciencien da importancia dos hábitos saudables e dunha alimentación equilibrada. Familias e alumnado compartiron obradoiro sobre elaboración de menús e lectura de etiquetados, encamiñados a unha redución drástica no consumo de azucré e graxas polo incremento da presenza de produtos ultraprocesados nas dietas.



EN DEFENSA DA NOSA BIODIVERSIDADE: LOITANDO CONTRA AS VELUTINAS

Neste curso fixemos unha clara aposta pola defensa das nosas abellas e da súa labor en prol da biodiversidade. Non é a primeira vez que tratamos este tema no colexio, dada a súa importancia. Pero este ano volcámonos neste proxecto, común a todo o centro.

Organizamos varias xornadas con apicultores da zona e con Protección Civil. Algúns dos seus integrantes están especializados na extinción de niñas de velutina tal e como podemos ver nas fotos.

Temos que lembrar que varias das familias do noso centro son produtoras de mel, polo que é un tema presente na vida cotiá de moitos nenos e nenas.





O seguinte paso, unha vez analizada a labor e importancia das abellas nos nosos ecosistemas e os perigos actuais pola invasión da avéspora asiática por mor do cambio climático, puxémonos mans a obra para facer trampas selectivas, que espallamos por todo o Concello de Xunqueira de Ambía e Allariz.





Demostración da eliminación de niños de velutinas.



Estamos a facer un seguimento e rexistro do número de velutinas capturadas, de raíñas que quedan atrapadas e que non poderán facer o seu niño con miles de exemplares.

Como dato dicir que soamente na trampas do noso horto nun período de dous meses collemos máis de 30 velutinas. 30 raíñas que se multiplican por un mínimo de 5000 exemplares. O alumnado amosou unha gran motivación e inquietude con este tema, traendo sempre novas sobre o número de exemplares capturados. A comunidade educativa está asombrada dos logros e eficiencia conseguida pola adaptación propia e simplificada que fixemos do modelo recomendado pola Consellería para facilitar a elaboración por parte dos cativos.

Dada a importancia deste tema, cremos moi conveniente seguir con este tipo de prácticas para vindeiros cursos.

Como colofón a este proxecto visitamos as instalacións do Festival Internacional de Xardíns en Allariz, onde acompañados de membros da Asociación Galega de Apicultores, pasamos unha nova xornada de formación con diferentes obradoiros e cata de meles de Galicia para celebrar O DÍA MUNDIAL DAS ABELLAS.

O alumnado pasou un día formidable.



TOD@S CONTRA O LUME

Esta é outra das temáticas que case sempre está presente no noso programa de Voz Natura, pero que este ano pasou a un primeirísimo plano ao ser unha das propostas de actuación para o presente curso.

Foi tamén un proxecto para todo o centro, no que cada grupo-aula se formou e pasou polas diferentes actividades programadas. Primeiro con un taller organizado pola Asociación Sustinea para a prevención dos lumes: TI CONTAS.

Con SUSTINEA, vimos colaborando nos últimos anos. Son un éxito garantido de antemán, en canto a profesionalidade e bo fazer. As súas dinámicas e talleres son divertidísimos e a vez moi moi instrutivos.



Tratamos do panoráma negro, da paisaxe arrasada polos lumes a través das historias dos animaliños e bichiños que habitan nos nosos montes.... Onde quedaron as cores....

Nas nosas creacións, nos nosos bosques cheos de vida e cor. Poderíamos adxuntar decenas de exemplos... pero chega con esta escolma do alumnado de Infantil...



Posteriormente, como xa é habitual, visitáronos en tres ocasións os técnicos de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Este ano centrando as súas charlas nos efectos dos lumes e na súa prevención.







E aló polo día da árbore... saímos todos ao monte. Escollemos unha zona que ardeu a principios do presente curso escolar moi preto de Xunqueira, na baixada cara o río Arnoia. Levamos os nosos exemplares de carballos, coidados durante dous anos. Puxemos máis de 40 árbores, contando ademais cos que nos proporcionaron os propios técnicos.





A continuación fixemos patrullas de limpeza, retirando unha cantidade enorme de plásticos, escombro de obras... O alumnado involucrouse ao máximo e sorprendeuse do que se agocha baixo a terra, aí nos nosos montes cercan os. Esperamos que sexa unha lección aprendida para toda a vida. Cremos que non hai mellor prevención.





OS TESOUROS QUE AGOCHAN OS NOSOS BOSQUES E MONTES

Tamén coa Asociación Sustinea fixemos unha saída cos maiores do centro ao parque natural do Xurés, onde descubrimos, ademais da flora e fauna da zona, os monumentos megalíticos que se conservan.

As pedras falan... falannos sobre moitas cousas e hai que saber entendelas, apreciarlas e valoralas.





O NOSO HORTO ECOLÓXICO ESCOLAR

O horto e o noso programa SEMENTA, RECOLLE e SABOREA, xa forman parte da nosa vida no centro. O alumnado sabe que todos os grupos pasan polo horto e que van realizar distintas tarefas, acordes á idade e ao grupo ao que pertenzan.

Comezamos o ano recollendo os froitos do traballo do curso anterior... Nunca nos faltan tomates, cebolas, porros, pementos... E todo moi moi rico: do horto á mesa. As crianzas valoran moi positivamente que o que estean a comer sexa da nosa produción: estas verduras si que están ricas!!!!





Logo toca experimentar con distintos cultivos e toca facer as sementeiras para logo transplantar.



Neste curso quixemos mellorar as condicións do horto e decidimos montar uns bancais de madeira, a onde os más cativos poden acceder de maneira máis sinxela.



Víctor o noso profe de Educación Física, facendo deporte “agrícola”. Traballou arreo para nivelar o terreo e montar o bancal.



O noso alumnado limpou o horto, principalmente a zona onde fixemos o bancal.

O “HOTEL” DE INSECTOS E A CASA DAS XOANIÑAS

O último día do segundo trimestre vivimos unha xornada trepidante, con diferentes talleres e obradoiros polos que pasaron todos os alumnos e alumnas do colexió.

Coa Asociación Sustinea preparamos un hotel para os insectos, para os polinizadores que nos van axudar no horto. Cos más cativos fixeron unha casa para as xoaniñas. Contextualizaron todo a través de contos e historias adaptadas ás diferentes idades da rapazada.





Vista panorámica das diferentes zonas do patio, onde se desenvolvían actividades varias: preparación do novo bancal e do terreo no horto; pintado de pedras para o xardín; construcción da casa dos polinizadores, Manolo e o seu fillo movendo a terra para meter o rego e preparar a terra para plantar o céspede; rapaces retirando pedras e escombro ... Unha actividade frenética!!!







Todo o mundo contribúe na realización das tarefas. Aquí vemos aos máis peques pondo por estratos para o drenaxe e abono o material recollido polos “grandes do cole”.





MELLORA DAS NOVAS ZONAS VERDES

Finalmente este ano veremos o xardín case que ao completo! Logo de moita loita imos vendo como pasenío, pasenío o estado do terraplén mudou completamente, xa que a pesares de ter praticamente todo plantado, ao non ter feita a canalización, fixo que a auga escorrentara moita terra. Iso xa está solucionado.

O cambio estético do colexio é increíble ademais do espazo que gañamos para o patio.



Carlos, o xardineiro do Concello axudounos a pór o pequeno valado para evitar máis caída de terra.... Menudo traballón!



Eladio o fontaneiro do Concello axudounos co rego por goteo, cada gota conta.



Tamara e Diana, nais de alumnos do colexio levaron o peso da rocalla, de botar a cortiza e de facer a plantación e experiencia coas aromáticas.



Os más cativos gozaron a tope.



Decoramos pedras que recuperamos dunha canteira, para decorar o noso xardín. O resultado é espectacular.



Así de bonita quedou a parte do xardín que vai paralelo á rampa de baixada... Plantas aromáticas, flores e as pedras cheas de cores, conviven coa cortiza para darrle un aspecto que define o cambio do que queremos que sexa o noso colexió.

OBRAS DE MELLORA

Tamén durante este curso conseguimos iniciar o que será o novo almacén, para posteriormente, e tal e como se ve debaixo, proceder a rematar co valado. A día de hoxe están a punto de poñer o tellado, polo que xa queda algo menos para ver o final dos traballos.





Para evitar que a auga nos estragara os novos socalcos, canalizamos a recollida da auga da explanada sita entre o novo valado e o pavillón municipal.



EDUCACIÓN PATRIMONIAL.

O ENTROIDO

Coma tódolos anos, estudamos as diferentes máscaras e traxes tradicionais da nosa provincia, tan rica etnográficamente, sobre todo se falamos de Entroido. Nesta ocasión invitamos ao alumnado do colexio de Vilariño de Conso, que compartiron unha xornada inesquecible connossco. Veu todo o colexio, 5 nenos e nenas, cos seus familiares e dúas profes. Impresionante. Unha mágoa que nestas imaxes non se poida escutar o ritmo do folión!! Pasamos pola biblio para aprender un pouquín máis sobre o traxe, a tradición... e logo a gozar no patio...



FIN DE CURSO 18-19

No que queda de maio e xuño áinda temos varias actividades a desenvolver. Primerio comentar que a finais de mes serán os actos de entrega de premios do VI Certame de Debuxo, Conto e Relato “Falando de Solidariedade”, que este ano ten que ver coa labor dos mestres de escola e a súa vocación. Mestres que noutros tempos traballaron nunhas condicións lamentables e que incluso entregaron as súas vidas.

O fío condutor vai ser a historia de “A Lingua das Bolboretas”, que en parte se rodou en Xunqueira. Colaboramos con sete IES e o cole de Allariz na organización de diferentes actos de conmemoración do 20 aniversario da rodaxe da película.



O 28 de maio tivemos a gran honra de poder recibir a Manolo Rivas. Para el creamos no noso novo xardín unha zona adicada a súa figura, na que pintamos en distintas pedras decoradas os títulos das súas obras galardonadas e asinounos o grafiti co seu retrato.

Agora é unha zona de lecer que nos inspira para a lectura...



En Xunqueira, o día 31, na entrega de premios e actividades que desenvolvemos, teremos conferencias, actuacións e un “Museo Pedagóxico” no que reproduciremos un aula antiga e exporemos fotos e libros de texto e material que se usaba nas aulas no século pasado. Tamén montaremos un “photocall” reproduciendo aquellas fotos que nos facían aos que temos uns aniños no cole.

En xuño, o día 5 celebraremos o día Mundial do Medio Ambiente, que este ano adicamos ao estado dos mares. Contaremos con persoal da Consellería do Mar. Vai ser unha boa introdución para a temática dos plásticos da próxima edición de Voz Natura.

Aló polo 7 de xuño, volvemos visitar o Castro Da Cea, xuntamente co CEIP de Baños de Molgas. O xacemento sitúase nos terreos dos dous Concellos, polo que decidimos fazer esta actividade convxunta e aproveitar a presenza do arqueólogo xefe da excavación do recinto.

Quédanos pendente o noso futuro invernadoiro, que faremos con técnicas de bioconstrucción, reciclando vellas porterías de fútbol sala, a modo de estrutura e vidro



de ventas cambiadas que nos cede unha empresa local.

Esta obra, xunto co final do peche e a construción do galiñeiro, faranse no vindeiro curso.

CURSO 2019-2020

O curso 2019-2020 sempre estará nas nosas lembranzas polas circunstancias tan estranas que vivimos. Tivemos que paralizar ou retrasar diversas actividades programadas.

A pesares de parar en marzo, xustamente cando moitas das actividades que facemos no exterior se tiveron que suspender por mor do estado de alarma, ao voltar a vista atrás decatámonos do moito no que traballamos.

O SAMAÍN

Como nos últimos anos para nós as actividades nas que estamos en contacto co mundo natural empezan co Samaín.



Sempre facemos unha exposición de cabazas por cursos. Toda a comunidade educativa se involucra a tope, e este ano xa decoramos as primeiras cabazas cultivadas no noso horto!!



Celebrámolo por todo o alto, todo o mundo ten que disfrazarse, e pasar por diferentes zonas de actividades rotatorias. Pasámolo de medo á vez que aprendemos das vellas tradicións.

Todo coa colaboración das nais e familias do noso alumnado. Aquí temos a Uxía Morán e Iseo Agilda... Dúas profesionais que teñen moitos vínculos co centro!!!! Que sorte temos!!!



Vedes o escenario sobre o que Paco Pakolas pechou este día cheo de actividades....

Adiviñade no que se convertirá proximamente.... Pois si, vai ser a estrutura do noso futuro galiñeiro!!!!!!

O MAGOSTO



No magosto, ademais de comer moi moi ben con todas as familias do cole, tamén recuperamos e lembramos tradicións.

Como xa vén sendo habitual, organizamos unha xornada chea de actividades.

Volvemos contar coa colaboración das familias, tan importantes para nós.

Vemos a Iseo contando e cantando... As súas historias sempre nos achegan ao mundo natural. Fai as delicias do alumnado e coa súa voz conquista a todo o mundo.

Como fixemos nos últimos cursos non podíamos esquecernos de darlle protagonismo a castaña.

Volvemos facer a nosa pequena plantación , fixemos xogos populares, un taller de malabares....

Pero queremos destacar a gran novidade deste curso... E a Sergio Moreno, outro dos nosos pais... Ao averguar que é mestre cesteiro, tivemos que "fíchalo" coma colaborador.

No magosto iniciamos unha serie de obradoiros que duraron xustamente ata o confinamento. Pasou





Despois de varias xornadas de traballo, este foi o resultado final.

XORNADA MICOLÓXICA

Por segundo ano consecutivo contamos co experto micólogo Alejandro Mínguez. Fixo as delicias de pequenos e maiores, primeiro nas charlas adaptadas por idades e logo na saída didáctica. Recollemos 26 especies diferentes!!!! Alucinante. Todo nun par de horas e nunha das carballeiras sitas pertiño das nosas instalacións.







A familia de micólogos Mínguez van publicar próximamente o libro:

“COGOMELOS PARA CATIVOS” Con Diño e Leporínoa, no que o CEIP Padre Crespo ten a honra de estar presente, ao narrar Alejandro a súa experiencia didáctica connosco nos dous últimos cursos. Por certo, estrenouse connosco, xa que no curso pasado era a primeira charla que daba para nenos e nenas tan pequenos. Quedamos encantados novamente... e esperamos repetir!!!


SOMOS O QUE COMEMOS

En Xaneiro, da man da Escola Galega de Consumo, seguimos formándonos nos hábitos saudables e no consumo responsable. Este ano incidimos na alimentación, no benestar animal e nas novas tecnoloxías.



Un ano máis, o Entroido serviunos por unha banda para coñecer polo miúdo outro dos entroidos tradicionais da nosa provincia: nesta ocasión tocoulle ao Boteiro de Viana do Bolo.

Con Juán tivemos unha xornada moi intensa na que nos amosou o traxe, como se viste, como se confecciona e tamén nos falou das distintas tradicións dun entroido tan enxebre e ancestral como o de Viana e a súa comarca. Novamente volveron a soar os bombos e as aixadas no patio do colexió. Todo unha honra e un luxo.



Por outra banda o Entroido sempre nos serve para pór en relación a temática do Programa Voz Natura cos CEIP Padre Crespo 2019-2020

Voz Natura

disfraces que confeccionamos no coleixio coa axuda das familias.

Este ano, como os pequenos xestos importan... convertémonos en SUPERHEROES E SUPERHEROINAS DA RECICLAXE... Para isto houbo que afondar no estudo da reciclaxe e aprender a facelo correctamente!!!

Nisto os maiores de 6º tiveron moito que dicir. Apoiáronse, entre outras cousas no material do ECOPREGUNTOIRO, programa concurso de RADIOVOZ no que levamos participando dende hai tres cursos con excelentes resultados.



Como sempre as familias, o profesorado e alumnado traballando arreo e en equipo para que todo estea preparado o día do desfile.





A batucada da Asociación de Familias Arnoia do colexio, fixo que ata a nosa meca heroína e totalmente reciclada e reciclabel, movera o seu esquelete.



A foto de familia non podería faltar... Aquí estabamos os superheroes e superheroínas da reciclaxe do plástico, do papel, do vidro e do material orgánico... Non faltou o camión do punto limpo móvil !!!!

A IMPORTANCIA DOS PEQUENOS XESTOS

RECICLANDO... UNHA SEGUNDA VIDA

Centrándonos na temática que xiraba en torno á edición actual “**Construamos un futuro sen Plástico**”, dende o noso colexio iniciamos distintas actuacións, que por pequenas que sexan sempre suman”, tal e como di o título do proxecto: A importancia dos pequenos xestos.

OS NOSOS XOGUETES

O primeiro pequeno gran xesto é un acordó de CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR para **NON MERCAR MÁIS XOGUETES DE PLÁSTICO**. Todo o que merquemos a partires deste curso será de madeira ou materiais reciclados.

A AUGA E OS BIDÓNS

A primeira medida que tomamos no inicio do curso 19-20 foi substituír os bidóns de auga de 5 litros do comedor escolar, que xa substituíran ás botellas de 1 litro e medio, por bidóns reutilizables de 19 litros. Para isto fixemos un pequeno estudo co alumnado de 5º e 6º de Primaria.

Tipos de plásticos, a reutilización, a economía circular...





Como xa viñamos facendo, as botellas de 1,5 litros e os bidóns de 5 litros... tiveron unha segunda vida: agora son trampas para as velutinas en todo o Concello de Xunqueira, xa que non soamente contribuímos facendo as nosas trampas... as nosas botellas e bidóns serviron para facer diferentes talleres polas aldeas de Xunqueira organizados por Protección Civil.



O ESPANTALLO



Con todas estas iniciativas fixemos **unha redución drástica no consumo de plástico**.

No Curso 17-18 empregamos en torno ás 1750 botellas de auga de litro e medio para o noso comedor escolar ao usarmos sobre 15 botellas diarias.

No Curso 18-19 substituímos as botellas de 1,5 litros por bidóns de 5 litros como primeira medida de redución. Usamos sobre 550.

Gardamos e reciclamos sobre 1000 botellas e a totalidade dos bidóns nos nosos talleres e nos que organizou o Concello no tocante á elaboración das trampas. Aínda temos uns pouquiños para facer un obradoiro este ano!!!

Quedaron cousas no tinteiro con respecto ao proxecto, pero que retomaremos no curso 20-21:

- Afondar no estudo dos tipos de plástico e a súa reciclaxe. Economía circular.
- Os mares e o plástico.
- Estudo do plástico na nosa contorna: o Río Arnoia.


O DÍA DA ILUSTRACIÓN



O 30 de xaneiro foi un día moi especial. Celebramos por primeira vez o DÍA DA ILUSTRACIÓN acompañados por alumnado da Escola de Arte Antonio Failde de Ourense e polos profesores LUÍS CARREIRA E JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO (autor dos comics MARCOPOLA).

Démoslle a segunda vida a un banco que nos donou a Libraría Aira das Letras de Allariz... Banco que rescatamos dos botellóns d@s adolescentes da vila alaricana, e que nun principio pretendía ser un recuncho para o descanso e a lectura. Ante esta deriva, recibimos cos brazos abertos a donación dun banco, cheo de pintadas que restauramos coa colaboración do noso alumnado.

Tamén empezamos a decorar paléts para posteriormente colocalos ao longo da nosa fachada con plantas aromáticas e ornamentais, tentando así disimular os “desconchados” das nosas paredes ata que poidamos acometer as melloras oportunas para evitar as humidades e a caída da pintura. Temos que rematar este proxecto neste curso 20-21, xa que quedou paralizado en marzo.



COIDANDO DO NOSO MONTE

Como viñamos facendo nos últimos cursos, contamos coa colaboración dos axentes medioambientais da Xunta e logo de dúas xornadas de charlas no cole con todo o alumnado, saímos a plantar de novo especies autóctonas, continuando coa repoboación e coidado do entorno no que ardera e no que xa iniciaramos unha plantación no curso 18-19.





MELLORA DAS ZONAS VERDES



Novas obras de canalización e de zona axardinada exterior. Outubro 2020.



Prantando o novo céspede. Xuño 2019.



O xardín ao incio de curso 19-20



Pouquiño a pouco imos completando o peche do colexio e a ampliación do noso xardín. Como vemos nestas imaxes... Os buxos van medrando, plantamos o céspede e conseguimos darlle vida ao noso “patio inclusivo” creando zonas de xogo alternativo. Queremos seguir ampliando as zonas de lecer a parte dianteira do colexio, ata o de agora inutilizada. Xa comezamos a limpar e pretendemos instalar un circuito con elementos naturais e xogos sensoriais... Teredes cumpridas novas para as vindeiras edicións de VOZ NATURA!!!

O HORTO ECOLÓXICO ESCOLAR



Aló polo mes de febreiro e marzo empezábamos a saber un pouquiño máis sobre permacultura, sobre cultivos biointensivos... Todo da man de Tamara, unha nai do centro que nos “cultivamos” no eido agrícola.

Na foto, podemos ver ao fondo un dos novos composteiros que montamos no colexio, parte dun programa sobre reciclaxe da Consellería no que empezamos este ano. Nós xa viñamos empregando un composteiro para todo o que nos sobra no comedor escolar, para as herbas do horto... Agora demos un paso máis e cada vez controlamos máis para facer o noso propio abono.

Non nos esquecimos do seu coidado e aínda que non foi moito o que colleitamos este ano, puidemos probar pementos, tomates, cabaciñas, cogombros...



O INVERNADEIRO

Que segunda vida produtiva lle poderíamos dar a 3 porterías de fútbol sala que sacamos das nosas instalacións?

Aínda que pareza mentira, contribuirán ao cultivo de hortalizas e verduras, xa que lle van dar abrigo ás nosas plantas e sementeiras, ao formaren parte das estrutura dun invernadoiro.





Esta é outra iniciativa que nos enche de ilusión. Estamos a traballar tódalas semanas dende que voltamos ás aulas en setembro para ter listo o invernadoiro canto antes. É un proxecto pioneiro, xa que non atopamos exemplos anteriores nin en Internet!!! Como di o alumnado.

Ademais da reutilización das porterías que antes ocupaban o noso patio central, reusamos vidros de antigas ventás que nos cederon varias empresas locais. O ferreiro que nos axuda a montar a estrutura, na que tamén colaborou un pai do colexio, estudou no colexio e tivo a súa filla aquí ata que foi para o Instituto. Todos están moi orgullosos de poder cambiar o centro educativo.



Estamos a piques de rematar!!!!!!

O NOSO PROXECTO ESTRELA: A REHABILITACIÓN DO PASO DOS PELAMIOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO

CURSO 18-19

Como non podía ser doutro xeito, para acometer este proxecto, iniciado no curso 17-18, fixemos pescudas, informámonos, estudamos todo o relacionado co Camiño de Santiago ao seu paso por Xunqueira, ao estar o Pasal no antigo percorrido do Camiño.

Non se nos ocorreu outro mellor xeito para darlle visibilidade ao proxecto que relacionar un ano máis a nosa temática de Voz Natura co Entroido. Hai mellor maneira de reivindicar e promocionar o Camiño que facer un traxe de peregrinos?

E púxose todo o colexo mans a obra...








E como non, as familias empezaron a confeccionar o traxe. Tod@s a unha nos diferentes talleres que organizamos para elaborar as diferentes partes do traxe e os seus complementos.





Todo o mundo traballou arre... nais, pais, avoas... o profesorado e o alumnado, para conseguir saír a tempo a desfilar por Xunqueira e reivindicar o antigo paso dos Pelamios para incluílo como variante ao actual trazado.





Ata Pelegrín nos acompañou !!!!



O PASAL DOS PELAMIOS




Febreiro do 2018. Na visita con Alejandro de Voz Natura.




A beleza dos carreiros que nos levan ao pasal, fainos intuír o que nos agarda: un marco impresionante, cheo de vida. (Adxúntase más fotos e a información técnica do proxecto nun arquivo aparte).

Esperabamos con impaciencia a chegada de setembro ou outubro para poder ver rematada a nosa iniciativa. Iniciativa moi difícil de levar a cabo, máxime cando houbo que por de acordo ás diferentes administracións, propietarios de terreos, conseguir os medios, os proxectos técnicos, unha empresa que faga os traballos... E todo polo módico prezo dunha colaboración totalmente desinteresada na meirande parte dos casos. Desinteresada no económico, pero cunha ilusión tremenda por ver de novo o Pasal "vivo", tal e como estaba hai centos de anos e por onde se seguía pasando ata hai uns 40 anos.



Maio 2018: Infórmanme dende a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que despois da última documentación requerida pola súa parte e aportada pola nosa banda, todo está perfectamente para que durante o mes de xuño saia a Información Pública e teñamos a aprobación definitiva. A principal condición que temos que cumplir é que debemos fazer a obra de rehabilitación cando o caudal baxe, a final do verán ou principio do outono. Iso quere dicir que ata o principio do novo curso escolar non podemos culminar a nosa iniciativa. Algo que nos encherá de orgullo e satisfacción. Pasa o mesmo cos paneis informativos e cos diápticos que pensamos confeccionar para os peregrinos e turistas que se acheguen a Xunqueira. Vimos traballando con D. Elixio Rivas, pero non podemos imprimir nin difundir nada ata que teñamos os permisos definitivos ao termos que fixar e respectar distancias uns puntos de ubicación.

Durante o mes de xuño temos unha "visita patrimonial pendente" aos Pelamios, con Juan Barcala arquitecto e profesor para tomar medidas, facer fotos e bocetos do paso, así teremos unha boa reportaxe do antes e do depois. Aproveitaremos para complementar a información que xa temos recompilada.





Xuño 2018





Principios de Outubro do 2019.

Na primeira semana de outubro chéganos o último permiso que nos faltaba, logo da Publicación no Boletín Oficial da Provincia, temos o si definitivo da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Pero logo de superar tódolos atrancos burocráticos... hai algo que está por riba de todos nós e que non podemos controlar: empezou a chover e o caudal do río aumentou. Tendo en conta que soamente podíamos ir en fin de semana, cando o persoal da empresa San Xillao podía vir sen paralizar ningún dos seus traballos e que o día 12 de outubro caira en sábado, o día 19, cando podíamos empezar atopámonos cunha misión imposible:





O pasal está cada vez más deteriorado, síguense acumulando restos que fixeron caír dous pasos más. A vexetación xa cas non deixa ver as pedras.



SETEMBRO – OUTUBRO 2020

Depois de tanto tempo de espera, de tódolos esforzos a nivel burocrático e administrativo... o 26 de setembro... CONSEGUÍMOLO!!! QUE ILUSIÓN, QUE EMOCIÓN!!!!

Alejandro puido comprobar o orgullo de todo un colexio o día que veu de visita a principios de outubro. Acompañounos na visita o alcalde do Concello, o presidente da Asociación de Amigos do Camiño, un representante da Empresa San Xillao, que tanto nos axudaron... e Elixio Rivas, que non quixo perderse este momento.

Deixamos as imaxes para o recordo.

A partires de agora, queda o coidado, a promoción, sinalización...







Entre todos e todas podemos. Limpeza do Pasal e recollida de lixo.







CONCLUSIÓNS E PLANS DE FUTURO

Ao redactar esta memoria queremos fazer unha pequena retrospectiva do que fixemos nestes últimos cursos, xa que temos que ter en conta que os nosos proxectos, pola súa complexidade, pasan a ser plurianuais.

Como comentamos antes, nunca deixamos a un lado todos aqueles proxectos e temas que comezamos nos anos anteriores, porque a tarefa do coidado do medio nunca ten fin. A pesares dos esforzos que facemos neste centro educativo todo semella pouco para concienciar ás novas xeracións que viven nunha sociedade que camiña cara a súa propia autodestrucción. Queremos formar ecocidadáns, responsables e respectuosos co medio, co consumo responsable, con prácticas sostibles...e convertir estas prácticas nunha forma de vida.

Como mencionamos noutras ocasións, se miramos cara atrás, quen recoñece este colexio se non pasou por aquí nos últimos tempos? As primeiras fotos lémbraños a un mundo en branco e negro ao que lle estamos pondo cor.

Xa case non nos lembramos do asfalto en todo o patio, que se viñan abaixo os muros, que conseguimos ampliar o perímetro do patio escolar cunha nova entrada con rampa para minusválidos e un espazo para o noso horto. Agora vemos feitas as zonas verdes do terraplén e antes do fin deste mes teremos o espazo entre o novo muro e o patio cuberto de céspede.

Todos estes cambios son froito de anos de traballo e entrega. Superando moitos obstáculos pola falta de axudas da administración. Isto converte o programa Voz Natura nun elemento fundamental para o desenvolvemento e apoio aos plans de moitos centros coma o noso, sen medios suficientes para sacalos adiante.

E non soamente iso, Voz Natura é un instrumento para introducir variantes metodolóxicas, estar en contacto coa natureza, cunha serie de actividades encamiñadas á concienciación de toda a comunidade educativa a través do protagonismo do alumnado, transmisor de tódalas accións realizadas.

Seguimos e seguiremos traballando na mesma liña: queremos que a nosa experencia saia do centro, no que participan dende os máis pequenos ata "os maiores de sexto", para que se impliquen as familias seguindo coas prácticas establecidas ou iniciadas no colexio e

participando connosco nas propias actividades abertas a todo o mundo. Podemos dicir claramente, que o rural xa non é o que era, que todo está mudando e que a pesares da contorna rural na que vivimos, proxectos medioambientais son tremendañamente necesarios: o abandono do rural e das súas formas de vida más tradicionais, unido a un baixo prestixio social e un autoconcepto negativo, fai que teñamos que traballar arreo e día a día para proxectar outras caras dunha mesma realidade con grandes riquezas ambientais, culturais e patrimoniais a preservar e respectar.

Miramos cara o futuro con ilusións renovadas, despois de todo o camiño percorrido e analizando uns cambios e logros que saltan á vista. Queda moito por facer: promocionar o Paso dos Pelamios e a sinalización do Camiño de Santiago; rematar o peche do cole; montar o invernadoiro e o galiñeiro; facer o mantemento das novas zonas verdes e do horto; continuar coa repoboación cos exemplares das especies autóctonas do noso viveiro; seguir traballando para recuperar e valorizar o noso patrimonio etnográfico, cultural e natural; e como non, afondar na temática dos plásticos e todas as súas problemáticas.

Ahhh!! Case me esquezo... Será o tempo de iniciar **novos proxectos: un circuito de orientación permanente que una natureza e patrimonio e como non, a construción dunha cuberta vexetal sobre o porche**, que se comunicará cun xogo co patio de infantil... Serán novamente uns retos difícieis pero que con paciencia poderemos superar.

Como di o noso título do proxecto: os pequenos xestos contan moito e nós queremos que as nosas accións contribúan a seguir crendo que OUTRO MUNDO É POSIBLE.

GRAZAS A TODO O MUNDO QUE COLABOROU CONNOSCO en todos os proxectos, pero principalmente na REHABILITACIÓN DO PASAL DOS PELAMIOS

A colaboración desinteresada de todo o mundo que participou e participará no proxecto é increíble: propietarios dos terreos, empresa de construcción, a arquitecta do Concello e un aparelador privado que desenvolveron a parte técnica...

Agradecer especialmente a axuda e asesoramento prestado por D.Elixio Rivas Quintas, toda unha eminencia do patrimonio cultural e etnográfico, ademais de ser un dos grandes expertos do Camiño, e que aos seus 95 anos ten aínda máis ilusión ca nós en que o proxecto vaia adiante.



Xunqueira de Ambía, 19 de outubro de 2020

O coordinador do Programa VOZ NATURA
Javier Pérez Gallego